



## UNIDADE 3

# Misterios e enigmas

Centre a atención dos seus alumnos na imaxe da portadiña e preguntelles: **Que credes que significa? Como a describides? Que pode representar?** escoite os seus comentarios e hipóteses e acepte todo que teña que ver con cousas estrañas ou para as que non hai unha explicación ou unha resposta moi convincente. Se en ningún momento mencionan as palabras que lle dan título á unidade, sináleas vostede e pídalles que, en parellas, escriban unha definición que lles valla ás dúas.

Realice logo unha posta en común e, por último, preséntelles os contidos da unidade e a tarefa final: organizar un debate entre esotéricos e científicos.



### 1. O DEMO DE ANLLÓNS

**Ler e comentar un texto e algunhas hipóteses sobre un enigma. Falar sobre misterios similares.**

#### OBSERVACIÓNS PREVIAS

O demo é o ente misterioso que inspirou unha abundante e curiosa serie de frases, feitos, modismos e ditos na literatura popular de Galicia, conformando un copioso folclore. Coñecido vulgarmente por alcumes coma demoño, diaño, deño, diabo, diabro, pecado, perello, rabudo e sucio, entre outros, empregaba enxeñosas artimañas para que non se recoñecesen os seus enganos e as súas trasnadas.

Por suposto, había persoas ás que o demo non lles parecía tan mala figura, pero, segundo as crenzas populares, adoitaba darlles moi mal pagamento a cambio. Nos contos que abundan na cultura tradicional e popular galega o diaño é capaz de facerlles cousas arrepiantes aos que se fian del: axudar as persoas a saíren dun apuro, pero logo roubarlles a súa alma; apadriñar os seus fillos para quitárllelos despois; controlarlles a vida aos avarentos ou aos ambiciosos xogadores de cartas e acabar por levalos consigo ao inferno...

#### ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra **demo** e pregúntelles aos estudantes o que entenden por ela. Escoite atentamente as súas respostas e interésese tamén por saber se coñecen outros termos en galego para nomealo. É probable que mencionen algunhas variantes léxicas, pero, de non ser así, coméntelles algúns dos termos que se ofrecen en “Observacións previas”. Tamén pode preguntarlles, sen entrar en especificacións que poidan sobreporse coa actividade seguinte, se saben dalgunha lenda ou historia relacionada co demo.

#### PROCEDEMENTOS

**A.** Pregúntelles aos seus alumnos se lles gustan as historias de misterio ou de medo e se coñecen algunha. Pídalles que o comenten en parellas e déixelles algúns minutos para que o fagan. Deseguida, faga unha posta en común na que todos lles conten aos demais se ao compañeiro lle gustan ou non as historias misteriosas ou de medo, se o impresionan etc.

**B.** Centre agora a atención dos estudantes na fotografía que figura na actividade e pregúntelles como describirían a casa. Coméntelles, ademais, que está relacionada co título da actividade e anímeos a faceren hipóteses sobre o que puido ocorrer nela. Escoite as súas suxestións e convídeos logo a que lean individualmente o texto do recadro azul. Cando rematen esta primeira lectura, pídalles a algúns voluntarios que volvan ler o texto en voz alta (un estudante por

parágrafo) e aclare as dúbidas de vocabulario que poidan xurdir.

A continuación, indíquelles que formen parellas ou grupos de tres e que, logo de leren as distintas teorías que tentan explicar o fenómeno de Anllóns (nos rectángulos amarelos), digan con cal están máis de acordo. Concédalles tempo abondo para que o fagan e recórdalles que deberán empregar expresións como as que figuran no cadro verde inferior.

Logo duns minutos, convídeos a compartiren as súas opinións con todos os compañeiros nunha posta en común.

**C.** Anímeos agora a que comenten entre todos se coñecen ou se algunha vez ouviron falar de misterios ou enigmas parecidos ao da historia que acaban de ler. Remítaos á mostra de lingua ou, se o prefire, comece vostede contando un caso (real ou ficticio).

#### E DESPOIS

Se non o fixo en ningún momento, coméntelles aos seus alumnos a presenza da figura do demo na cultura popular galega, para o que poderá aproveitar a información de “Observacións previas” e o remuíño de ideas de “Antes de comezar”. Ao final, déalle a cada un unha fotocopia da **ficha 6**, na que atoparán unha pequena mostra de como o demo aparece na fraseoloxía galega.

A continuación, pídalles que, en parellas ou en grupos de tres, comenten os refráns e os seus respectivos significados e, para rematar, propóñalles unha posta en común. Se traballa cun alumnado galego, pregúntelles se coñecen outros refráns ou mesmo variantes dos que figuran na ficha.

#### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 96, exercicio 1.

## 2. EXPERIENCIAS PARANORMAIS

**Comentar acontecementos que non teñen unha explicación lóxica. Ler e escoitar algúns testemuños.**

#### ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos se coñecen filmes ou series de televisión cuxo tema sexan as experiencias paranormais. É probable que moitos deles coñezan clásicos do cine como *O Exorcista* ou *Poltergeist*, ou inclusive películas máis recentes como *O sexto sentido*, *Os outros* ou *Trece badaladas* ou mesmo series como *Expediente X*.

Interésese por saber se lles gusta este tipo de producións e pídalles que conten a trama dos exemplos que acheguen.

Se o prefire, escriba no encerado os títulos anteriores, pregúntelles aos estudantes que teñen en común e pídalles que amplíen a lista.

#### PROCEDEMENTOS

**A.** Escolla un dos seus alumnos para que lea en voz alta a listaxe de feitos para os cales non hai unha explicación, proporcionada no libro. A continuación, faga que formen parellas e que traten de completar a lista con outros fenómenos paranormais que se lles ocorran. Déalles uns minutos e realice logo unha posta en común.

Entre as suxestións dos estudantes, cabe esperar feitos como estar posuído, o aparecemento de manchas nas paredes, o movemento de obxectos ou os aparellos que se acenden sós. Se non os mencionan, fágao vostede.

**B.** Remita agora os seus alumnos aos textos das testemuñas. Pídalles que os lean e que asocien cada un deles co fenómeno correspondente da listaxe do ítem A ou con algún dos que acaban de propoñer. Ao finalizaren, faga outra posta en común para que se aclare a resposta.

#### Solución

1. *Ter unha premonición.*
2. *Entender unha lingua que nunca oímos antes.*
3. *Pensar en alguén e atopalo pouco despois.*

**C.** Dígalles agora que van escoitar unha persoa que conta unha historia. Pregúntelles a cal dos feitos presentados no ítem A fai referencia a gravación e suxíralles que tomen notas mentres a escoiten para, entre todos, reconstruír logo os acontecementos. Se lle parece necesario, proceda a unha segunda audición, para que poidan facer unha comprobación.

#### Solución

*Sentir unha presenza.*

**D.** Dirixa a atención dos estudantes ás opinións que se ofrecen sobre as experiencias paranormais e pídalles que as lean individualmente. Déalles tempo abondo e, a continuación, dígalles que, entre todos, deberán comentar con cales delas están máis de acordo ou, pola contra, de cales discrepan taxativamente.

#### E DESPOIS

Distribúa os seus alumnos en grupos de tres ou de catro e déalle a cada grupo unha fotocopia dos textos que figuran na **ficha 7**. Explíquelles que se trata de testemuñas de diferentes persoas que contan nun foro algunha experiencia paranormal que tiveron e que piden axuda para encontrarlles unha explicación.

Pídalles que lean todos os testemuñas, pero dígalles que cada grupo só deberá contestarlle a unha das persoas. Se o prefire, asígnelles vostede os textos para que haxa unha distribución proporcional, é dicir, o mesmo número de respostas para todos eles. Déixelles

tempo suficiente e, cando rematen, propóñalles que escollan a explicación que lles pareceu máis lóxica ou orixinal.

#### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 97, exercicios 2 e 3.



### 3. O RAPAZ DA VÍA

**Ler un texto, decidir se consiste nun misterio e mostrar acordo ou desacordo cunha serie de opinións sobre el. Observar o funcionamento dalgunhas expresións que introducen hipóteses.**

#### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Neste nivel será suficiente que os seus alumnos distingan tres grandes grupos de expresións que introducen hipóteses:

1. **Seguramente e seguro que** presentan hipóteses nas que o falante quere manifestar un alto grao de seguridade, polo que moitas veces se asocian a enunciados que tentan tranquilizar ou persuadir o interlocutor.

– *Viches que negro está o ceo?*

– *Pois, si. **Seguro que** en calquera momento comeza a chover.*

2. **Quizais, tal vez, ao mellor, pode que e é probable que** presentan hipóteses nas que o falante non pretende mostrar un grao moi definido de seguridade.

– *Cres que vai chover? Hai bastantes nubes.*

– *Non o sei. **Ao mellor.***

3. Con **igual** o falante quere presentar unha hipótese como posible, pero marcando que resultaría sorprendente que se cumprise. Ademais, moitas veces serve para que o falante poida darlles un matiz humorístico ás súas palabras.

– *Non hai nin unha nube no ceo. Vai facer bo día.*

– *Cala, cala; que en cinco minutos **igual** se bota a chover.*

#### ANTES DE COMEZAR

Centre a atención dos seus alumnos no título da actividade e pregúntelles de que cren que se trata. Se son galegos, é posible que poidan recoñecer o caso, xa que se trata dun feito real. De todos os xeitos, anímeos a que fagan as súas hipóteses e aproveite para observar as expresións que utilizan para introducilas.

# Misterios e enigmas

## PROCEDEMENTOS

**A.** Pídalles agora que lean o texto individualmente. Cando remataren, indíquelles que, en parellas, deberán comentar o contido da historia e se coñecen algún caso parecido.

**B.** Explíquelles que as frases deste ítem corresponden a distintas opinións e hipóteses sobre o rapaz da vía. Pídalles que as lean e que marquen logo con cales están de acordo e con cales non. Despois, indíquelles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro e remate cunha posta en común.

**C.** Agora, pídalles aos estudantes que volvan fixarse nas frases do ítem B e que observen o funcionamento das expresións destacadas en grosa. Logo, propóñalles que as agrupen en tres categorías: as que van con indicativo, as que van con subxuntivo e as que poden funcionar cos dous modos verbais.

### Solución

Indicativo: *igual, ao mellor, seguramente, seguro que.*

Subxuntivo: *pode que, é probable que.*

Indicativo e subxuntivo: *quizais, talvez.*

Logo da posta en común, remita os seus alumnos aos tres primeiros cadros da epígrafe “Recursos para formular hipóteses” da sección de gramática, na páxina 29, e repase con eles o seu contido.

**D.** Finalmente, pregúntelles con cales das partículas destacadas nas frases do punto B se expresa un maior grao de seguridade e con cales menos. Anímeos a formularen hipóteses entre todos.

### Solución

Mayor grao de seguridade: *seguramente, seguro que, ao mellor, talvez e quizais (con indicativo).*

Menor grao de seguridade: *pode que, igual, é probable que, talvez e quizais (con subxuntivo).*

## MÁIS EXERCICIOS

Páxina 98, exercicio 5.

## 4. QUE PASARÍA?

**Ler algunhas conversas e detectar que interlocutor é máis optimista ou máis pesimista en cada caso. Familiarizarse coas hipóteses introducidas co futuro e co pospretérito.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Os seus alumnos observarán a expresión de hipóteses referidas ao presente e ao pasado, pero deben entender que en todos os casos presentados sempre existe unha relación co momento presente. Os cadros de gramática amosan o paralelismo entre as afirmacións en presente ou en pretérito e as hipóteses en futuro ou en pospretérito.

Asegúrese de que os estudantes entenden, ademais, a analogía entre as hipóteses feitas con pospretérito e as informacións en pretérito referidas a un momento pasado non concretado ou que non interesa mencionar. Pode ofrecerlles o seguinte exemplo:

–*Oíches, non sabía que Xan entendía tanto de ordenadores. –Sí, é moi bo. É que fixo varios cursos de informática.*

–*Oíches, non sabía que Xan entendía tanto de ordenadores. –Eu tampouco. Non sei, faría algún curso de informática ou algo así, non?*

De todos os xeitos, se algún alumno lle pregunta como se expresa unha hipótese sobre un pasado sen relación co presente, para falar de algo que ocorreu onte, a semana pasada etc., pode comentarlle que tamén se emprega o pospretérito. Propoñémoslle o seguinte exemplo:

–*Sabes por que non veu Luísa onte ao traballo?*

–*Non. Estaría enferma, supoño.*

## PROCEDEMENTOS

**A.** Pídalles aos estudantes que lean as catro conversas presentadas e que marquen no cadro inferior cal das persoas que fala en cada caso é máis optimista e cal máis pesimista. Poden facelo individualmente, pero permítalles compararen as súas respostas coas dun compañeiro antes da posta en común.

### Solución

Ana: *optimista*

Braulio: *pesimista*

David: *pesimista*

María: *optimista*

Eva: *pesimista*

Nuria: *optimista*

Lúa: *optimista*

Carlos: *pesimista*

**B.** Coméntelles agora que nas conversas do ítem A se empregaron dous tempos verbais distintos para expresar hipóteses: o futuro e o pospretérito. Pídalles que volvan lelas e que observen as formas verbais destacadas en grosa, para logo marcaren no cadro inferior cal se usa para facer hipóteses sobre o presente e cal para facelas sobre o pasado.

Déixelles uns minutos para que o fagan e logo propóñalles unha corrección entre todos. Aproveite para aclarar as dúbidas que teñan, para o que poderá empregar a información e os exemplos que lle facilitamos en “Observacións previas”.

### Solución

Para formular hipóteses sobre o presente: *futuro*

Para formular hipóteses sobre o pasado: *pospretérito*

Ao remataren, suxerímoslles que os remita aos cadros da sección de gramática, na páxina 29, referentes ao futuro e ao pospretérito.

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 97, exercicio 4.

Páxina 98, exercicio 6.

**5. QUE ESTARÁ FACENDO?**

**Formular hipóteses sobre os compañeiros, imaxinando que están a facer nunha suposta viaxe.**

**OBSERVACIÓNS PREVIAS**

O enunciado suxire realizar a actividade individualmente, pero, segundo as características do grupo, pode indicarlles aos estudantes que traballen en parellas ou en pequenos equipos. De ser así, modifique a instrución: poderán escoller varias persoas dos outros grupos sobre as que deberán facer as súas hipóteses.

**ANTES DE COMEZAR**

Pregúntelles aos seus alumnos cal é a persoa que mellor coñecen (un amigo, a parella...). Cando algún alumno conteste, anime os demais compañeiros a facérenlle as preguntas que queiran sobre ela. A continuación, interétese por saber que está facendo esa persoa neste intre. Asegúrese de que entendan a necesidade de presentar esta información con algún dos recursos estudados nas actividades 2, 3 e 4 (expresións para formular hipóteses).

**PROCEDEMENTOS**

Agora pídalles que, individualmente, imaxinen que a un compañeiro da clase lle tocou unha viaxe ao lugar do mundo que quixese e que xa leva dous días no seu destino. Explíquelles que deberán formular hipóteses sobre onde foi, que fixo, que está a facer etc. Déalles uns minutos e, logo, convídeos a leren en voz alta as hipóteses que escribiron. Recórdelles que non dirán o nome do viaxante, para que os seus compañeiros tenten adiviñar de quen se trata.

Se decide realizar a actividade como lle suxerimos en “Observacións previas”, lembre establecer previamente o número de persoas premiadas coa viaxe, para que todos os grupos traballen na mesma proporción.

**E DESPOIS**

Pregúntelles aos seus alumnos se se coñecen ben entre eles e se saben da rutina diaria de cada un. Propóñalles, como traballo para a casa, que escriban o que cren que están facendo varios dos seus compañeiros en diferentes días e a distintas horas. Por exemplo:

**Sábado, 20 h: Rocío estará tomando algo nunha cafetería.**

**Luns, 21.30 h: É probable que Carolina xa estea ceando.**

**Luns, 23 h: Seguro que Cora xa se deitou.**

Na seguinte sesión, os estudantes deberán ler as súas frases en voz alta e as persoas sobre as que fixeron as hipóteses dirán se estas eran acertadas ou non.

- *O sábado ás 20 h, pensei: Rocío estará tomando algo nunha cafetería.*

- *Non, o sábado a esa hora estaba na casa da miña nai.*

**MÁIS EXERCICIOS**

Páxina 98, exercicio 7.

**6. EXISTEN OS OVNIS?**

**Falar sobre fenómenos paranormais.**

**ANTES DE COMEZAR**

Lea en voz alta o título da actividade e pregúntelles aos seus alumnos se coñecen o significado da palabra **ovni**. Coméntelles que se trata dun tipo especial de palabra (a sigla) e pregúntelles se saben que trazo a caracteriza. Se non son quen de contestalo, dígalles que as siglas nacen da unión das primeiras letras de distintas palabras. Se non saben a partir de que palabras se forma **ovni**, explíquelles que se obtén de **obxecto voador non identificado**.

Recórdelles que as siglas se adoitan escribir en maiúsculas, pero hai casos nos que se integran no léxico patrimonial dunha lingua e pasan a figurar como un vocábulo máis, polo que se someten ás normas ortográficas vixentes nesa lingua, como é o caso de ovni. Se lle parece necesario, facilítelles algún outro exemplo, pero evite mencionar os que presentamos na **ficha 8**.

**PROCEDEMENTOS**

**A.** Pregúntelles aos estudantes se cren que os fenómenos paranormais poden ser explicados pola ciencia ou se pensan que non sempre hai unha explicación científica para todo. Antes de que contesten, pídalles que lean as doce afirmacións achegadas e que marquen se lles parecen verdadeiras ou falsas, segundo estean ou non de acordo co que se di en cada caso.

**B.** Despois dun momento, centre a súa atención na mostra de lingua e anímeos a que comenten as súas respostas en parellas ou en grupos de tres. Se lle parece conveniente, propóñalles un breve debate sobre o tema, no cal os alumnos que queiran poidan expoñer e argumentar o seu punto de vista.

**C.** Por último, pregúntelles se algunha vez tiveron unha experiencia paranormal e anímeos a contarlla a todo o grupo. Se non teñen experiencias propias, dígalles que a pregunta se pode estender a vivencias doutras persoas que coñezan.

# Misterios e enigmas

## E DESPOIS

Se lle parece interesante, propóñalles aos seus alumnos a seguinte actividade. Primeiro, recórdalles a definición de sigla e o exemplo de ovni. Logo, pregúntelles se coñecen outras palabras deste tipo.

Logo de escoitar as súas achegas, coméntelles que hai na lingua outro tipo de palabras que se forman por un proceso moi similar ao das siglas: os acrónimos. Para ilustralo, apunte no encerado, por exemplo, a palabra Sergas e, ao lado, a súa definición: **Servizo Galego de Saúde**. Despois, explíquelles que, neste caso, non se empregou só a primeira letra de cada palabra, senón todas as que van en grosa. Dígalles que nisto consiste a diferenza entre as siglas e os acrónimos.

A continuación, sepáreos en parellas ou grupos de tres e entréguelle a cada grupo unha fotocopia das frases que se ofrecen na **ficha 8**. Logo, anímeos a faceren hipóteses sobre o seu significado e sobre as palabras das que se forman as siglas ou os acrónimos que aparecen. Concédalles tempo suficiente para facelo e promova deseguida unha corrección entre todos.

## Solución

Inem: *Instituto Nacional de Empleo*

IVE: *Imposto sobre o Valor Engadido*

ONG: *Organización Non Governamental*

ONU: *Organización das Nacións Unidas*

TAC: *Tomografía Axial Computarizada*

Renfe: *Rede Nacional de Ferrocarrís Españóis*

ETT: *Empresa de Tráballo Temporal*

## 7. O ESPÍRITO DA CASA

Ler un conto de suspense e engadirlle un final.

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

Anime os estudantes a empregaren o dicionario para descubriren o significado das palabras que non coñezan, así como para buscaren as que poidan precisar cando realicen a tarefa escrita e a actividade proposta en “E despois”.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Convide os seus alumnos a leren individualmente o conto de suspense que figura na actividade. Concédalles o tempo necesario e, deseguida, aclare as dúbidas de vocabulario ou de estrutura que puidesen ter. Logo, pregúntelles como cren que remata a historia. Indíquelles que o comenten en parellas e que, a continuación, escriban un parágrafo no que contén o desenlace que propoñen para a historia.

**B.** Unha vez que teñan escritos os seus textos, pídalle a cada parella que lle lea o seu final ao resto da clase. Cando rematen, anímeos a que comenten cal dos finais propostos lles gustou máis.

## E DESPOIS

Propóñalle a cada parella unha actividade de vocabulario. Pídalles que escollan un dos catro parágrafos da narración e que, dentro del, seleccionen dúas palabras que non coñecían, que lles gusten ou que simplemente queiran coñecer mellor. Trátase de que configuren unha rede coas palabras que teñen relación coas que eles escolleron.

Preséntelles o modelo que se ofrece na **ficha 9** e suxíralles que preparen dúas redes similares (insista en que o modelo é soamente unha posibilidade de conexión e que eles poden establecer as que consideren convenientes). Na próxima sesión, poderán presentar as súas redes ante os demais compañeiros. Quen traerá a rede máis ampla?

## 8. ESOTÉRICOS VS. CIENTÍFICOS

Ler unha serie de novas sobre fenómenos paranormais e realizar un debate entre esotéricos e científicos.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Pídalles aos estudantes que lean as seis novas sobre fenómenos paranormais que se presentan. Déalles uns minutos e pregúntelles logo que opinan sobre os acontecementos narrados. Interésese tamén por saber como os explicarían.

**B.** Recórdalles que a tarefa final desta unidade é realizar un debate entre esotéricos e científicos. Para levalo a cabo, explíquelles que deberán dividirse formando dous grandes grupos: o dos que cren nos fenómenos paranormais e os que negan a súa existencia. Se esta división resulta demasiado desequilibrada no que se refire ao número de estudantes en cada grupo, pódelle propoñer a algúns alumnos do grupo maioritario que pasen voluntariamente ao minoritario.

A continuación, indíquelles a ambos os grupos que preparen os argumentos que empregarán para defender as súas respectivas posturas. Coméntelles que no libro se lles proporcionan algúns, pero que poden profundar neles ou mesmo pensar noutros diferentes.

Cando rematen a fase de preparación, inicie o debate e actúe como moderador. Dea a actividade por rematada cando vexa que xa se dixeron e rebateron todos os argumentos de ambos os equipos.



## 9. TERRA DE MEIGAS

**Ler un texto sobre elementos supersticiosos da cultura galega. Comentar fenómenos semellantes.**

### OBSERVACIÓNS PREVIAS

A palabra meiga vén orixinariamente do latín *magicus* e emprégase en Galicia co significado de 'persoa de poderes extraordinarios ou máxicos'. A figura da meiga está moi arraigada na tradición popular e diferénciase da bruxa en que esta última actúa sempre con maldade, xa que pode tratar e ata pactar co demo, mentres que as meigas tamén son coñecidas como curandeiras ou videntes e as persoas acoden a elas para seren curadas a través dos seus ensalmos e conxuros. Segundo as lendas, hai meigas que se moven a cabalo, outras que voan sobre as súas vasoiras, pero algunhas son só mulleres con poderes para causar e curar o mal de ollo.

### ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra fantástico e pídalles aos seus alumnos que a definan. Apunte no encerado as súas respostas e, de non se referiren a **algo que non existe na realidade e que pertence á fantasía**, fágao vostede.

### PROCEDEMENTOS

**A.** Chame a atención dos estudantes para o título da actividade e pregúntelles se saben o que é unha meiga. Se traballa con nativos, seguramente non terán dificultades en dicilo e, de non ser así, explíquelles, empregando, se for necesario, a información de "Observacións previas".

A continuación, pregúntelles que outros elementos coñecen do imaxinario galego relacionado co misterio e co fantástico. Pídalles que o comenten en parellas e faga despois unha posta en común.

**B.** Convídeos agora a leren o texto proporcionado. Logo da lectura, aclare calquera dúbida de vocabulario que poidan ter e anídeos a que comenten entre todos os aspectos do texto que máis lles chamaron a atención.

**C.** Para rematar, pregúntelles se coñecen outros fenómenos semellantes. Se non son galegos, anídeos a que comenten se hai elementos semellantes na cultura do seu lugar de procedencia.

